

**ORDENANZA FISCAL QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO
DE AXUDA NO FOGAR E SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA
NO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**

ARTIGO 1- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co que se dispón nos artigos 15 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (en adiante, SAF) e do servizo de teleasistencia domiciliaria”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e as normas citadas.

Será igualmente de aplicación o disposto nas disposicións de rango legal ou regulamentario ditadas en desenvolvemento de dita Lei nas que non existe na presente Ordenanza Fiscal tratamento pormenorizado.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

ARTIGO 2- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación do servizo de axuda no fogar ás respectivas persoas usuarias regulado na correspondente ordenanza municipal reguladora do SAF, ou ben, do servizo de teleasistencia domiciliaria que lles sexa concedido de acordo co previsto no convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra de data 22 de maio de 2013 sobre a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria.

ARTIGO 3- SUXEITO PASIVO.

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada na presente ordenanza os/as beneficiarios/as da prestación do SAF prestado polo Concello de Campo Lameiro ou do servizo de teleasistencia domiciliaria prestado pola Deputación Provincial de Pontevedra no marco do convenio asinado coa devandita institución.

Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo.

ARTIGO 4- RESPONSABLES.

Responderán da débeda tributaria as persoas debedoras principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse persoas debedoras principais as obrigadas tributarias do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contra, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5- EXENCIONES.

Conforme ao artigo 9.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais

Para o SAF de persoas dependentes con dereito de atención recoñecido, estarán exentas de participar no custo do servizo cando a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, IPREM, que o Goberno fixe para cada ano.

Para o SAF de prestación básica dos servizos sociais comunitarios, quedarán exentas de participar no custo do servizo, as persoas usuarias con capacidade económica igual ou inferior ao 80% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, IPREM, que o Goberno fixe para cada ano.

Para o servizo de teleasistencia domiciliaria, no caso de que a capacidade económica da persoas usuaria do servizo sexa inferior ao 80% do IPREM, quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

Estarán exentas do pagamento da cota temporalmente, aquelas persoas beneficiarias para as que a alta no servizo se trate como unha cuestión de especial urxencia na que prime a protección da persoa, e na que non se considere oportuno plantexar o pagamento da cota, sempre que así sexa acordado pola Xunta de Goberno ou Decreto de Alcaldía, despois do informe do/a traballador/a social e da comisión informativa de servizos sociais. En todo caso, a duración da exención dependerá da evolución da situación, acordándose o establecemento da cota no momento en que se considere oportuno e sempre con resolución da Xunta de Goberno ou Decreto de Alcaldía, a proposta do informe do/a traballador/a social.

ARTIGO 6- COTAS:

A cota a achegar polos beneficiarios do servizo será unha porcentaxe sobre o custe da hora, establecéndose o prezo dela para o ano 2013, (fixándose o prezo nas seguintes contías) e incrementándose anualmente segundo o IPC en:

Para os servizos de axuda no fogar dirixido a persoas dependentes:

Días laborais: 11,34 € (4% IVE incluído)

Días festivos e fins de semana : 14,98 € (4% IVE incluído)

Para os demais servizos de axuda no fogar:

Días laborais: 11,55 € (10% IVE incluído)

Días festivos e fins de semana: 15,84 € (10% IVE incluído)

ARTIGO 7- COBRANZA:

A taxa cobrarase e a obriga de contribuír nacerá, cando se solicite o servizo que constitúe o feito imponible [entendéndose por tal o momento no que se realice a inclusión no servizo].

Conforme ao artigo 26.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a taxa poderá cobrarse cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, aínda que en ambos casos poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial].

Conforme ao artigo 26.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no suposto en que por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público non se puidera prestar ou desenvolver, procederá a devolución do importe correspondente.

ARTIGO 8- XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO:

O abono da prestación do servizo realizarase polos suxeitos pasivos a través de transferencia bancaria segundo os seguintes parámetros: As liquidacións de prezos practicaranse por meses naturais e o abono efectuarase mediante cargo na conta bancaria que a persoa solicitante do servizo de axuda no fogar facilitará nos servizos sociais.

[A xestión, liquidación, inspección e recadación desta taxa realizarase segundo o disposto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis de Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento].

*ARTIGO 9.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA
DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA.*

A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do Plan Individualizado de Atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

*ARTIGO 10.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS
USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA A PRESTACIÓN BÁSICA
E DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.*

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

*ARTIGO 11.—PARTICIPACIÓN ECONÓMICAS DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO
DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.*

1.—No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.—Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ó IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
≤ ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. — Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilidade do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. — En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

ARTIGO 12- PARTICIPACIÓN ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SAF PARA A PRESTACIÓN BÁSICA

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 10 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	O 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	O 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	O 70%
Maior de 2,50 IPREM	O 90%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

ARTIGO 13- PARTICIPACIÓN ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS NO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.

1. No servizo de teleasistencia domiciliaria e, segundo o convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra, a achega mensual das persoas usuarias do servizo non poderá exceder do 33% do prezo máximo do servizo, quedando fixado para o ano 2013 nas seguintes contías:

- a) Para o titular do servizo de teleasistencia domiciliaria: 6,36€/mes, IVE incluído.
- b) Para a persoa usuaria con unidade de control remato adicional: o 50% do prezo indicado para o titular do servizo, sendo 3,18 €/mes, co IVE incluído.
- c) Para a persoa usuaria sen unidade de control remoto: o 40% do prezo indicado para o titular do servizo, sendo 2,54 €/mes , co IVE incluído.

Unha vez adxudicado o novo contrato pola Deputación Provincial , e para o suposto de que o prezo unitario por persoa usuaria ofertado pola empresa adxudicataria sexa inferior, reducirase de forma proporcional a cantidade a aboar polos/as usuarios/as do servizo.

2. No marco deste límite máximo o prezo público a liquidar ás persoas usuarias regularase en termos da porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria de conformidade coa seguinte táboa:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de Teleasistencia Domiciliaria
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	O 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	O 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	O 70%
Maior de 2,50 IPREM	O 90%

ARTIGO 14. – AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS.

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Campo Lameiro en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

ARTIGO 15. – INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de a Lei Reguladora das Facendas Locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Para todo o non previsto na presente Ordenanza, será de aplicación o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e a Ordenanza fiscal xeral do Concello, no seu caso.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Campo Lameiro en sesión de data 16 de agosto de 2013, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Campo Lameiro, 4 de novembro de 2013.—O alcalde, Julio G. Sayáns Bugallo.

2013010008

* * *

CANGAS**E D I C T O**

Intentada a práctica da notificación do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14 de outubro de 2013, abaixo relacionado, no lugar indicado como enderezo no respectivo expediente, sen conseguilo, de acordo co establecido no art. 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico do procedemento administrativo común, notificase o interesado, mediante a publicación do presente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de residencia do interesado e no BOP de Pontevedra, o seguinte:

3º.—INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 10 DE OUTUBRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO, SOBRE OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.B) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS

EXPEDIENTE Nº 20.491.—LICENZA 20.334.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA DE OBRAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16 de xuño de 2.011, acorda aprobar integramente o informe-proposta emitido pola Xefa do Servizo de Urbanismo do Concello de Cangas, que é como segue:

INFORME-PROPOSTA

En relación co expediente relativo á declaración de caducidade da licenza urbanística nº 20.334 concedida a favor de PROMOCIONES MARTÍNEZ AVAL S.L. que amparaba as obras de de construción de 23 vivendas unifamiliares en A Regueira, Magdalena - Darbo emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data 5 de xullo de 2013 o inspector municipal emite informe no que sinala que "na actualidade (logo de transcorridos case oito anos da concesión da licencia e sen que conste prórroga da mesma) tanto as obras de edificación das vivendas coma da urbanización correspondente, atópanse sen rematar e paradas, sen ningunha actividade construtiva dende fai anos.

Segundo. Con data 15 de xullo de 2013 foi emitido informe xurídico referente á lexislación aplicable e o procedemento a seguir en relación á declaración de caducidade da licencia urbanística 20.334

Terceiro. Por Resolución de Alcaldía de data 15 de xullo de 2013 incoouse expediente para declara a caducidade da licencia de obras nº 20.334 concedida PROMOCIONES MARTÍNEZ AVAL S.L.

Intentada notificación ao interesado da iniciación do expediente a mesma foi devolta ó sinalar o servizo de correos que se trataba dun enderezo incorrecto (sendo o que figuraba no expediente de solicitude de licencia de obra. Obran no expediente acuses de recibo de data 15.07.13 e 26.07.2013)

Resultando falida a práctica de notificación, procedeuse á publicación do mesmo no BOP nº 164 de 28/8/13 dun anuncio relativo ó expediente de caducidade incoado. Transcorrido o prazo concedido en trámite de audiencia e non téndose formulado polo interesado alegación algunha en relación ca proposta efectuada procede a formulación de proposta de Resolución que se fundamenta nos seguintes argumentos.